

Venres, 17 de agosto de 2018

Núm. 158

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

REDONDELA

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE HONRAS, DISTINCIÓNS E DECLARACIÓN DE LOITO OFICIAL DO CONCELLO DE REDONDELA

O Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o 22/02/2018 aprobou inicialmente a modificación do Regulamento de honras e distincións do Concello de Redondela.

Someteuse o expediente a información pública por prazo de trinta días hábiles, mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 63 de 2 de abril de 2018, e máis no taboleiro de anuncios físico e electrónica da Casa do Concello, para o seu exame e presentación de reclamacións e alegacións.

Ao non terse presentado ningún tipo de reclamación ou alegación a modificación enténdese definitivamente aprobada, publicándose para o seu xeral coñecemento o texto íntegro do regulamento aparecendo suliñadas as modificacións introducidas; entrando en vigor unha vez publicado enteiramente o seu texto no BOP e así que transcorra o prazo de 15 días hábiles ao que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

De conformidade co establecido nos artigos 10, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e 112.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas 30/92, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, contra o presente acordo, os interesados unicamente poderán interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partires do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Documento asinado dixitalmente á marxe



Venres, 17 de agosto de 2018

Núm. 158

REGULAMENTO DE HONORES E DISTINCIÓNS DO CONCELLO DE REDONDELA*CAPITULO I**ARTIGO 1*

1.—O presente regulamento ten por obxecto normalizar a concesión de distincións honoríficas e condecoracións que, para premiar os méritos específicos, feitos sobresaíntes, calidades, circunstancias singulares ou servizos extraordinarios prestados ao Concello de Redondela por persoas ou institucións, poderán ser outorgadas pola súa corporación.

Así mesmo regúlase neste articulado a declaración de loito oficial do Concello de Redondela.

2.—Ningún distintivo ou nomeamento dos que se contemplan neste regulamento poderá outorgarse a persoas que desempeñen altos cargos na administración e respecto dos cales a corporación se atope en relación subordinada de xerarquía, función ou servizo, mentres subistan estes motivos.

DISTINCIÓNS E HONRA

Fillo/a Predilecto/a de Redondela

Fillo/ a Adoptivo/a de Redondela

Alcalde/Alcaldesa ou Concelleiro/a a Honorario da Corporación

CONDECORACIÓNS

Medalla de Ouro de Redondela

Medalla ao mérito artístico

Cronista oficial

OUTRAS DISTINCIÓNS

- Denominacións de espazos públicos, prazas, rúas, edificios públicos, etc.
- Para a concesión de todas as distincións de honra que neste regulamento queden establecidas, o concello terá que observar as normas que se indican a continuación:

ARTIGO 2

1.—Todas as distincións ás que se fai referencia no presente regulamento teñen carácter exclusivamente honorífico, sen que outorguen ningún dereito administrativo nin de carácter económico.



Venres, 17 de agosto de 2018

Núm. 158

CAPÍTULO II.—TÍTULOS DE FILLO/A PREDILECTO/A E ADOPTIVO/A DE REDONDELA

ARTIGO 3

1. O título de Fillo/a Predilecto/a de Redondela poderá ser concedido a calquera persoa nacida no termo municipal de Redondela que sobresaia, de forma extraordinaria, polas súas calidades persoais, profesionais e, particularmente, polos seus servizos en beneficio da mellora ou honra de Redondela, tendo acadado prestixio e consideración xeral nos diferentes eidos da sociedade.

2. A concesión do título de Fillo/a Adoptiva/a de Redondela poderá concederse ás persoas que, sen naceren no termo municipal, reúnan as circunstancias sinaladas no punto anterior.

ARTIGO 4

Unha vez aprobada polo Pleno a concesión do título de Fillo/a Predilecto/a, a corporación acordará a data na que se reunirá de novo para proceder á súa entrega, en acto solemne, no Salón de Plenos da Casa do Concello ou en calquera outro lugar que as circunstancias aconsellen.

ARTIGO 5

- O títulos de Fillo/a Predilecto/a e Adoptivo/a de Redondela, ambos os dous de igual distinción, terán carácter vitalicio e constituen a maior distinción do Concello de Redondela. Por este motivo empregaranse na súa concesión criterios moi restritivos.
- Os seus titulares terán dereito a ocupar un lugar preferente nos actos organizados polo Concello. Para estes efectos, o/a Alcalde/sa dirixirá, ás persoas agraciadas con estes títulos, unha comunicación oficial na que se lles indicará o lugar, data e hora da celebración do acto ou solemnidade, participándolle a invitación a asistir.

*CAPÍTULO III. DO NOMEAMENTO HONORARIO DA CORPORACIÓN
DO CONCELLO DE REDONDELA*

ARTIGO 6

O nomeamento de Alcalde/Alcaldesa ou Concelleiro/a Honorario/a do Concello de Redondela, poderá ser outorgado por este a persoeiros, tanto nacionais coma estranxeiros, como mostra da alta consideración que lle merecen ou ben, como correspondentes a outras semellantes das que fose obxecto a corporación ou autoridades municipais.

ARTIGO 7

A consesión deste título, cando circunstancias especiais o aconsellen, será acordada pola corporación municipal co voto favorable dos dous terzos dos concelleiros/as membros da corporación.



Venres, 17 de agosto de 2018
Núm. 158

ARTIGO 8

Os nomeamentos de Alcalde/Alcaldesa ou Concelleiro/a Honorario/a poderán ser de carácter vitalicio, por prazo limitado, ou circunscrito tan só ao período que corresponda ao cargo que ocupe a persoa designada, cando a designación fose acordada expresamente para ese cargo.

ARTIGO 9

As persoas designadas carecerán de facultades para intervir no goberno administrativo municipal, pero o/a Alcalde/sa efectivo ou o Pleno do Concello poderán encomendarlles funcións representativas cando se exerzan fóra da demarcación territorial municipal. Nos demais actos oficiais que celebre o concello ocuparán o lugar preferente que a corporación municipal lles sinala, e ostentarán a medalla acreditativa do honor recibido.

CAPÍTULO IV. DA MEDALLA DO CONCELLO

ARTIGO 10

1. A medalla de Redondela é unha recompensa municipal para premiar méritos extraordinarios que concorran en persoeiros, entidades ou corporacións, tanto nacionais como extranxeiras, por teren prestados servizos á cidade ou dispensado honores a ela.

2. A Medalla terá o carácter de condecoración no seu grao máis elevado de Medalla de Ouro e Medalla ao mérito artístico.

3. Non poderán outorgarse máis de catro medalles de ouro ao ano.

ARTIGO 11

1. A Medalla de Ouro levarase pendurada do pescozo, sexenta cun cordón de seda branco e azul, con pasador dourado

2. As Medallas ao Mérito Artístico e o título de Cronista Oficial, serán acuñadas en ouro e coa lenda correspondente á honra que outorgan.

3. Para determinar en cada caso a procedencia da concesión e a categoría da Medalla que se vai outorgar, deberá terse en conta a índole dos méritos e servizos, a transcendencia do labor realizado a prol ou na honra do concello e as particulares circunstancias da persoa proposta para a condecoración.

4. Cando lle fosen concedidas a unha entidade, persoa xurídica, substituirase a medalla por unha placa.



Venres, 17 de agosto de 2018

Núm. 158

ARTIGO 12

O outorgamento destas condecoracións serán obxecto dun acto solemne, no que se entregarán os correspondentes diplomas, distintivos e medallas, no lugar e forma que se estime máis conveniente.

CAPITULO V. DA DENOMINACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS, DA INSTALACIÓN DE ESTATUAS E MONUMENTOS E DA CELEBRACIÓN DE ACTOS DE HOMENAXE

ARTIGO 13

Os acordos para a denominación de espazos ou edificios públicos, para a colocación de estatuas e monumentos e para a celebración de actos de homenaxe promovidos polo concello, adoptaranse logo da tramitación do expediente establecido no capítulo VIII do presente regulamento e despois de oír a comisión informativa que corresponda.

ARTIGO 14

O cumprimento dos acordos anteriores realizarase en acto público anunciado previamente

CAPÍTULO VI. DO PROCEDIMENTO

ARTIGO 15

Para a concesión de todas as honras e distincións honoríficas que neste regulamento quedan establecidas, o Concello terá que instruír o oportuno expediente para o efecto, que servirá para determinar os méritos ou circunstancias que aconsellen a concesión, agás no suposto excepcional previsto nos capítulos III e VIII deste regulamento.

ARTIGO 16

A tramitación para outorgar calquera das distincións ou títulos honoríficos deberá ser secreta. Así mesmo, non poderá darse ningunha información ou certificación da mesma ata que o acordo sexa firme. O procedemento iniciarase por decreto da Alcaldía, ben a iniciativa propia ou por requerimento dalgún membro da corporación.

ARTIGO 17

Todas as iniciativas e suxestións para a aplicación do presente regulamento dirixiranse por escrito, con carácter reservado á Alcaldía. No decreto de iniciación nomearase un xuíz instrutor e un secretario; o instrutor, que será un concelleiro, ordenará a práctica de cantas probas e actuacións conduzan á precisión dos méritos da persoa proposta e, unha vez rematadas as actuacións, elevará unha proposta á Comisión Informativa de Cultura, constituída para estes efectos en Comisión Especial de Honras e Distincións.



Venres, 17 de agosto de 2018

Núm. 158

ARTIGO 18

A Comisión Especial de Honras e Distincións, que poderá aplicar unha información complementaria, determinará co voto favorable da maioría absoluta dos seus membros, o título condecoración ou distincións que se lle debe outorgar á persoa homenaxeada.

ARTIGO 19

Cando estea rematada a instrucción do expediente ou, no seu caso, o prazo concedido para o efecto, este será remitido á Alcaldía coa proposta correspondente. Se non existe acordo da comisión, a Alcaldía poderá arquivalo, ordenar as prácticas de novas dilixencias ou elevar o expediente ao Pleno coa súa proposta.

Os acordos decididos polo Pleno nestas materias deberán contar co voto favorable da maioría absoluta dos concelleiros/as membros da corporación.

ARTIGO 20

No caso de que o acordo ou resolución fose negativo, non se expedirá ningunha copia ou certificación nin se empregarán os informes e antecedentes para finalidades alleas, baixo a responsabilidade de quen ingrinxa este precepto.

ARTIGO 21

Por razóns de urxencia e oportunidade, con carácter excepcional e sempre que os méritos da persoa homenaxeada fosen notorios, o presidente da corporación municipal, por iniciativa propia ou a pedimento de calquera grupo, poderá someter directamente ao Pleno a proposta razoada do outorgamento do título, condecoración ou distinción correspondente. O acordo de concesión deberá ser acadado coas maiorías sinaladas no artigo 19.

Artigo 22

1. Toas as distincións e condecoracións ás que se refire o presente regulamento poderán ser concedidas como póstumas homenaxes ou no pasamento de persoeiros nos que concorren os devanditos merecementos.

*CAPÍTULO VII. DO LIBRO DE REXISTRO DE DISTINCiónS HONORífICAS**ARTIGO 23*

A secretaría da corporación coidará de que se leve un libro de rexistro dividido en tantas seccións como sexan as honras, condecoracións e distincións establecidas no presente regulamento, no que inscribirán cronoloxicamente as circunstancias correspondentes aos favorecidos e a data da súa concesión



Venres, 17 de agosto de 2018

Núm. 158

*CAPÍTULO VIII: DISTINCIÓN ESPECIAL, PERSOIRO DO ANO DE REDONDELA.**ARTIGO 24*

Anualmente convocarase a elección do persoeiro do ano que corresponda, que saliente polas súas achegas nos ámbitos cultural, científico, filantrópico, profesional ou calquera outro no que dalgunha maneira puidera ter contribuído tamén á mellora ou engrandecemento de Redondela.

Darase cumprida publicidade da apertura do proceso a asociacións, centros de ensino e a todos os consellos parroquiais existentes no concello, de cara a favorecer a participación na presentación de propostas para este nomeamento.

ARTIGO 25

Nesta elección poderán participar todo os colectivos culturais inscritos no rexistro municipal de asociacións e os centros educativos do concello.

Cada colectivo e centro educativo, sempre con anterioridade ao 28 de xaneiro, poderá presentar unha candidatura, debéndoo facer mediante unha memoria na que se fundamenten os méritos da personalidade proposta, que cumprirá os seguintes condicionantes:

1. Nada ou vinculada a Redondela
2. Ter destacado en xeral no mundo das artes, das ciencias e/ou das letras ou en calquera outro ámbito cultural, filantrópico, profesional, etc.
3. As candidaturas propostas poderán selo de persoas físicas ou xurídicas, ou colectivos sen personalidade xurídica pero cunha clara representatividade e conformación interna que os dote dun carácter propio e socialmente recoñecido.

ARTIGO 26

O Concello nomeará unha comisión avaliadora das propostas recibidas, na que participarán 4 persoas vencelladas ao movemento socio-cultural, designadas por cada un dos grupos municipais que, no caso de non haber consenso, tomarán as súas decisións en función proporcional á súa representación no Concello. Tamén formará parte desta comisión o presidente da Comisión de Cultura, con voz e sen voto.

Unha vez recollidas as propostas achegadas polos colectivos do concello, reunirse a comisión informativa de Cultura para dar conta delas e verificar o cumprimento do regulamento das candidaturas presentadas.

ARTIGO 27

Unha vez ditaminada a validez delas, publicaranse na web municipal e abrirase un prazo de votación para acadar a proposta máis apoiada pola veciñanza.



Venres, 17 de agosto de 2018

Núm. 158

O prazo de votación será de 30 días naturais unha vez aberto.

Enviarase a cada centro cultural, consello parroquial e centro de ensino unha copia coa listaxe das propostas para que sexa exposta en lugar ben visible e así animar e favorecer as votacións.

Así mesmo se informará debidamente a estes colectivos dos sistemas de votación e das datas de inicio e finalización dos mesmos.

A votación levarase a cabo:

1.—Por procedementos informáticos e de soporte lóxico nos que se valide cada voto, así como a garantía de que non se producen duplicidades de voto pola mesma persoa.

Este procedemento informático contará con control mediante introducción de DNI:os usuarios introducirán o seu DNI e cotexarase coa listaxe do censo municipal.

2.-Ao mesmo tempo habilitarase un sistema de votación presencial nos rexistros xerais do concello que garanta a posibilidade de voto a toda a poboación, debendo os votantes acreditar a súa identidade mediante DNI, carné de conducir ou pasaporte.

ARTIGO 28

Unha vez pechado o prazo para realizar a votación farase o recuento e convocarase de novo a comisión avaliadora para aprobar a proposta máis apoiada.

Nesta comisión elaborárase a proposta para elevala ao Pleno do concello para a súa aprobación na primeira sesión que se celebre.

A mesma comisión será a encargada de elaborar un proxecto anual de actos conmemorativos do persoeiro/a proposto/a.

CAPITULO IX. DO LOITO OFICIAL DO CONCELLO

ART. 29

Prevese que ante circunstancias moi graves e de especial relevancia, catástrofes naturais ou doutra índole, situacións críticas e aquelas que afecten gravemente a vida cotiá tanto da veciñanza coma do normal funcionamento do concello, declararase o loito oficial.

ART. 30

O loito oficial declararase en Xunta de Goberno local, a proposta da Xunta de Voceiros, motivada e convocada formalmente polo Alcalde con ese punto na orde do día. O pleno, na súa función de control, poderá mostrar na primeira sesión plenaria que se celebre, a súa conformidade co decidido pola Xunta de Goberno Local.



Venres, 17 de agosto de 2018

Núm. 158

ART. 31

O loito oficial poderá ser declarado en función da gravidade dos sucesos e da súa orixe, afectación de persoas ou bens, por un, dous ou ate tres días.

ART. 32

A declaración de loito oficial inclúe amais da baixada de bandeiras a media hasta, os seguintes aspectos:

- Crespón negro visible na fachada da Casa do Concello.
- Suspensión de todas as actividades organizadas polo concello, en calquera das súas áreas, así coma a actividade que non sexa a ordinaria do funcionamento dos servizos á cidadanía. Esta suspensión levarase a cabo sen prexuízo de que poidan existir excepcións derivadas das consecuencias organizativas e económicas que poida supoñer a suspensión.
- Visibilización da declaración de loito oficial por todos os medios públicos á disposición do concello (web municipal, paneis de rúa, redes sociais ou calquera outro).

ART. 33

Unha vez declarado o loito oficial, a Xunta de Voceiros poderá á súa vez propoñer actos en memoria, de condolencia ou rexeitamento, durante os días declarados de loito oficial ou incluso rematado ese período. Todos eses actos contarán coa presenza da corporación municipal.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Primeira.—O Pleno do Concello poderá acordar a limitación e concesión de honras, distincións e condecoracións cando sexa excesiva a súa prodigalidade e poida deslucir a súa relevancia, ou cando se estime conveniente para a racionalización do seu outorgamento.

Segunda.—O Concello poderá privar das distincións especificadas neste regulamento, calquera que sexa a súa data de concesión, a quen incorra en faltas que aconsellen esta medida extrema.

A privación deberá reunir os mesmos votos favorables que os esixidos para a concesión e seguir a tramitación previa do procedemento, establecido no capítulo VIII deste regulamento, no que lle sexa de aplicación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Única.—Todos os persoeiros ou entidades corporativas que estivesen actualmente en posesión dalgunha das distincións que sexan materia deste regulamento ou as que lle foran recoñecidas por anteriores acordos municipais ditados en relación coas distincións enumeradas, continuarán co goce delas con todos os dereitos, honras e prerrogativas que lle son inherentes.



Venres, 17 de agosto de 2018

Núm. 158

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Apróbase como anexo do presente regulamento o modelo tipo que regulará as distincións honoríficas e condecoracións, así como o contido mínimo dos distintos diplomas.

Redondela, 30/07/2018. O Alcalde, Javier Bas Corugeira.

